

Un ano máis, a Biblioteca
convíдавos a participar no

2014
2015

o faladoiro

CLUB DE LECTURA

O Faladoiro é un punto de encontro para os que gozamos coa lectura.
Un lugar onde compartir experiencias e descubrir novos mundos.
Un espazo no que deixar voar a imaxinación, e emocionarnos, e chorar,
e rir, e soñar.

Que vantaxes ten un socio/a do Faladoiro?

Poder falar dos libros, cómics e películas que lle gustan, xuntarse con escritoras/es, percorrer os escenarios dos seus libros favoritos, viaxar coa imaxinación, recibir sustos escoitando contos de medo, compartir as nosas experiencias co alumnado doutros centros, en definitiva, compartir o inmenso universo que nos ofrece a lectura con outras persoas e aprender do que elas nos contan ...
E todo isto DE BALDE!!

Quen pode formar parte do club?

O Faladoiro está dirixido a toda a gran comunidade do Monte Carrasco: profes, nais e pais e, por suposto, a todos vós, alumnas e alumnos. Só hai un requisito: estar dispostos a pasalo ben cos libros

Cando nos imos reunir?

A primeira xuntanza será o **venres 10 de outubro no recreo**. Aí decidiremos que libros imos ler e cada canto tempo nos imos reunir.

Proba a ver se che gusta.
Se non é así, sempre estás a tempo de borrar-te.
Se vés, non te has de arrepentir.

Que xéneros imos tratar?

- No 1º Trimestre: narrativa
- No 2º Trimestre: poesía
- No 3º Trimestre: teatro